

LAS TIERRAS DEL CIELO 1240

Pablo García Canga, 2023

ESTREA EN NUMAX: 10.02.2024 | V.O. | TP | 83 min

Unha noite. Unha cidade. Cinco conversas. Nove personaxes. Contan historias persoais ou inventadas e contan, tamén, a historia dun vello filme xaponés

«Fermoso eloxio da conversa con letra francesa e sombras xaponesas»

Ignasi Franch, CINE CON EÑE



Entrevista con Pablo García Canga: «Hai un pracer en estar concentrado no cinema e facer un esforzo que che pide a película»

Por Lucas Santos

A estrutura simétrica 1-2-3-2-1 de *Las tierras del cielo* —ou sexa: un personaxe só, un diálogo, un trío, un diálogo e un personaxe só— estaba ideada desde o principio? Non. Púxenme a escribir e ía improvisando escenas, fragmentos de diálogos, e fun inventando así a película; un detalle gardábao, outro non... Na primeira estrutura que tentei, había máis personaxes e circulabamos máis: volvías dunha conversa a outra etc. Pero esa versión non me gustou. Non era coherente e, ademais, interesábame a idea de acompañar a uns personaxes durante vinte minutos ata que, de súpeto, non volves saber nada deles.

A conexión entre os diferentes episodios é unha película que non existe e que mestura cousas de *Nai* (Mikio Naruse, 1952) e do cinema de Yasujiro Ozu, sobre o que escribiu un libro. Que extrae do cinema xaponés? Non o sei. Cando me puxen a escribir, o primeiro diálogo incorporaba a xente falando sobre o chapeu dun personaxe de *Nai*. Finalmente, non queda nada dese chapeu no guión; pero o seu dono é panadeiro e de aí saíu o personaxe do que se fala en *Las tierras del cielo*. En realidade, non existiría unha película xaponesa como a que eu imaxino: as cousas serían moito máis duras, non habería un elemento poético ou sería poética doutra maneira. E quería que os personaxes contasen unha película practicamente sen conflito, sobre a vida cotiá e o paso do tempo. Debín asociar iso co que me interesa do cinema xaponés.

***Las tierras del cielo* lembroume a *Une sale histoire* (1977) de Jean Eustache, e as súas películas en xeral fanme pensar en Philippe Garrel e en todo un determinado cinema francés feito de persoas que conversan e pouco máis. O cinema francés si me deixou pegada e foi un shock ver *A mamá e a puta* (1973), de Jean Eustache, con dezaseis anos; pero Garrel, que é moi importante para min, non é particularmente un cineasta da palabra. Por outra banda, hai unha novela de Manuel Puig, “El beso de la mujer araña” [1976], onde hai dous prisioneiros e un cóntalle películas ao outro... E, aínda que non teñen absolutamente nada que ver co meu filme, nalgúns filmes de Marguerite Duras está o feito de contar a película en lugar de filmala.**

***Las tierras del cielo* está relacionada co poder da palabra: vendo a película, estamos a imaxinar outra que nos é relatada. Interesábame a liña paralela entre a película que se ve e a que non se ve, que supón unha enorme esixencia para o espectador: estás a ver algo e, ao mesmo tempo, estás a imaxinar outra cousa. Un dos personaxes fala do pracer que sente ao estar concentrado; eu creo que hai efectivamente un pracer en estar concentrado no cinema e facer un esforzo que che pide a película.**

O cinema é, de feito, o que pasa na pantalla e o que pasa no teu interior. Si. E tamén quería moitas palabras para que o sentido da película non se peche: que se abran moitas pistas pero que non se poida dicir “a película vai disto”. Escapar do sentido pola sobrecarga de sentidos. Gústame moito algo que pasa bastante en Godard, por exemplo: que as películas non paran. De súpeto, oíches algo que che gusta especialmente pero a película segue avanzando.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Ozu, similitudes
Pablo García Canga
Athenaica, 2020